

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 458/2014

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

En data 04.07.14 procedeuse á apertura dos sobres A e requiríuselle ós interesados para que nun prazo de 3 días, presentasen o sobre B.

Nese prazo o interesado con nº de licitador 2101 desiste do procedemento. Os demais presentan o sobre B.

En data 18.07.14 ás 9:30 horas na Casa do Concello procedeuse á apertura do sobre B e, unha vez puntuadas as solicitudes, confecciónase a seguinte lista provisional coa súa puntuación correspondente, e os excluídos coa causa de exclusión.

En data 21.10.2014 mediante resolución de alcaldía Nº 427/2014 aprobouse a lista de admitidos e excluídos e procedeuse a súa publicación no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas outorgando un prazo de 10 días dende a súa publicación para que os solicitantes puidesen presentar alegacións.

A vista que transcurriu o prazo citado sen que se presentasen alegacións.

Dado que nos Pregos, na cláusula 6, establece que a Mesa de contratación, á vista da lista resultante e os criterios de valoración establecidos, unha vez informados polos servizos sociais do Concello, propondrá motivadamente ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor dun licitante, establecendo unha orde de puntuación, quedando os demais na lista de reserva que será elaborada convocouse a mesa de contratación para o 7 de novembro de 2014 as 9:30 horas.

A vista do Informe de servizos sociais de data 17 de setembro de 2014 a mesa de contratación fixo a seguinte proposta; "**Primeiro:** Propoñer como adxudicatario, obxecto do contrato, ó solicitante indentificado co número **2219, e comunicándoselle esta proposta ao interesado.**

**Segundo:** rexeitar o resto das solicitudes identificadas cos números 1980-2089-2101-2107 e 2183."

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,

### RESOLVO

**Primeiro:** Propoñer como adxudicatario, do contrato de arrendamento de una das vivendas, propiedade deste Concello situadas na Parroquia Caritel deste Municipio por un precio de 100 € mes, o ter o adxudicatario una renda inferior o 75% do IPREM, para destinalo a aluguer social, ó solicitante indentificado co número **2219, e comunicándoselle esta proposta aos interesados.**

**Segundo:** Requerir de conformidade con a cláusula 6ª do Prego de Cláusulas administrativas o adxudicatario para que presente no prazo de 10 días a documentación acreditativa de non ter débedas pendentes co Concello ou bién autorizar ao Concello a efectuar a consulta de oficio, así como a documentación acreditativa de non ter débedas pendentes coa Facenda Estatal Autonómica e coa seguridade Social, e como do cumprimento dos requisitos para acceder ás vivendas así como a documentación demostrativa dos criterios de valoración que sirvieron para puntuar a súa solicitude , documentación que vén sinalada na cláusula 5 do presente prego. No caso de que a administración xa posúa a documentación requirida deberá solicitar que se teña esta por aportada no citado prazo.

**Terceiro:** Que se publique a presente Resolución no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Mándao e asíño o Sr. Alcalde, D. Perfecto Rodríguez Muíños, en Ponte Caldelas, a 7 de novembro de 2014, do que, como Secretario, dou fe.

  
O Alcalde,  
Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños

  
O Secretario,  
Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel